

CO300D- PROGRAMA COMERCIO CIRCULAR

Obxecto

Concesión de subvencións para a execución de actuacións de comercio sostible e circular.

O procedemento de concesión destas subvencións será en réxime de concorrencia non competitiva e quedará suxeito ó réxime de axudas de *mínimis*.

Persoas Beneficiarias e Requisitos

Poderán ser beneficiarias das axudas:

- Os comerciantes minoristas que desenvolvan a actividade en Galicia, que o domicilio social radique na Comunidade Autónoma e cumpran os requisitos legais para exercer a súa actividade. En caso de comerciantes en liña, debrán ter o seu domicilio fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia. Debrán ter a condición de peme (incluídas as persoas en situación de autoemprego) e dadas de alta nalgún dos epígrafes relacionados na orde reguladora.
- Os obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia
- Asociacións de comerciantes que teñan a condición de Centro Comercial Aberto e en todo caso as asociación de comerciantes, deberán ter unha antigüedad mínima de 3 años.

Considerarase subvencionable a adquisición de solucións sustentables de envasado e empaquetado realizadas con materiais cen por cento naturalmente biodegradables ou ecolóxicos.

Poderase acreditar a sustentabilidade dos materiais utilizados mediante certificación, norma ISO ou equivalente que garanta que os produtos foron elaborados con prácticas sustentables e responsables.

En concreto, consideraranse subvencionables:

a) Comerciantes detallistas e obradoiros artesanís:

- Caixas e sobres de cartón ou papel reciclado.
- Recheos, proteccións acolchadas e escumas para a embalaxe.
- Cordas ou cintas de rafia, algodón ou outros materiais naturais.
- Film de material biodegradable.
- Etiquetas.
- Pegamento e cinta adhesiva.
- Bolsas comerciais de fibras naturais ou material reciclado.

b) Asociacións de comerciantes:

- Bolsas comerciais de fibras naturais ou material reciclado

Características da axuda

As axudas concederanse réxime de concorrencia non competitiva.

Se require un investimento mínimo de 1.000,00€ para que o proxecto sexa subvencionable.

Establécense as seguintes porcentaxes da subvención sobre os investimentos máximos subvencionable:

a) Comerciantes detallistas e obradoiros artesanís:

Persoas beneficiarias	Porcentaxe da subvención
Persoas autónomas e pemes de 0 a 10 persoas traballadoras	80 %
Persoas autónomas e pemes de 11 a 50 persoas traballadoras	75 %
Persoas autónomas e pemes de 51 a 250 persoas traballadoras	70 %

b) Asociacións de comerciantes: 90 %.

4. En ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación das solicitudes será **dun mes**, contado a partir do día seguinte ao da publicación no DOG

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia

<https://sede.xunta.gal>

Publicación no DOG

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230908/AnuncioG0692-170823-0001_gl.pdf